



AS VONTADES DERRADEIRAS



Gala Murguía de Castro visita o mausoleo de Rosalía, no Panteón de Galegos Ilustres



Rosalía de Castro xacente, lenzo realizado por Ovidio Murguía a partir dun boceto que tiña trazado perante o corpo inerte de súa nai aos 14 anos de idade.



Rosalía de Castro falece o 15 de xullo de 1885 na Casa da Matanza, en Padrón. Consumida pola enfermidade e mais polas agresións constantes, tivo áinda o impulso final de mandar deitar ao lume os seus manuscritos inéditos. Días antes, presentindo o final dos seus días, viaxou en tren coa súa familia a Carril. Tamén desexaba despedirse do mar!

*Hoxe ou mañán, ¿Quen pode decir cando?
Pero quisais moi logo,
Viraume a despertar, i en vez dun vivo,
Atoparán un morto.*

*Ó rededor de mí levantarase
Xemidos dolorosos,
Aíes de angustia, choro dos meus fillos,
Dos meus filliños orfes.*

*I eu sin calor, sin movemento, fría,
Muda, insensible a todo,
Así estarei cal me deixare a morte
Ó helarme co seu sopro.*

*E para sempre ¡adiós, canto en quería!
¡Que terrible abandono!
Antre cantes sarcasmos,
Hai, ha de haber e houbo,
Non vin ningún que abata máis os vivos
Que o dál humilde quieto dun corpo morto.*

Follas Novas (1880)



Lápida de Rosalía no cemiterio de Adina (Padrón).



Rosalía da Estre

18
AS VONTADES DERRADEIRAS

O LEGADO ROSALIANO

O LEGADO ROSALIANO

Na obra de Rosalía de Castro converxen a causa patriótico-política e mais a causa feminista. Ningunha outra escritora afianzou un compromiso semellante e non sorprende que, no seu caso, propósito de tal magnitude fose enunciado no noso idioma.

A poeta optou pola intervención valente e solitaria, afastándose de calquera dogmatismo; situada sempre ao carón das persoas más desfavorecidas, é o xenio que crea unha obra maxistral, provista dunha forza tal que lle permitiu traspasar todas as fronteiras e figurar para sempre no cumio das letras universais.

Como galegas e galegos do século XXI, construímos o noso futuro desde o orgullo de izarmos a mesma bandeira baixo a que ela loitou. A súa batalla tamén é agora a nosa!

*“Espera, Galicia, espera
Canto este grito consola!”*




Cento vinte e cinco anos con Rosalía de Castro
Cortejo cívico-reivindicativo: de Padrón a Compostela, da Adina a Bonaval
15 de xullo de 2010





ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!



Rosalía de Castro (1837-1885), fundadora da literatura galega contemporánea, é unha figura cumio das letras galegas e universais. Agora, 125 anos após o seu falecemento, a exposición ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!! pretende demostrar a actualidade da súa obra.

A través dos paneis, puidedes revisar os principais acontecementos da biografía da poeta, trazando unha imaxe auténtica de Rosalía e do seu papel na historia da literatura. Igualmente, a selección de textos e vídeos que acompañan a exposición permiten constatar que as reivindicacións que a autora de *Follas Novas* consuma non teñen precedentes na nosa Historia.

ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!! é a historia dunha poeta excepcional e incomprendida, nunha época que foi incapaz de asumir un alegato tan admirabelmente revolucionario como o seu.

Rosalia de Castro
La casa de Rosalía
La hija
Ruinas
En las ruinas

ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!



Un proxecto da



www.manuelmaria.com

Colabora



Agradecimentos:

Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Casa-Museo Rosalía, Real Academia Galega, Museo de Belas Artes da Coruña, Rei Zentolo, Falcatruada, Algarabía Animación, Lúa Films, Concellaría de Cultura da Coruña e Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Maria Pilar García Negro, Carme Vilariño.

Comisario da exposición

Diego Pardo Amado

Coordinación de producción

Mr Misto Films

Montaxe da exposición

Mr Misto Films

Ilustracións

Pablo Santos
Andrea Torreiro

Audiovisuais

Mr Misto Films

Músicas

Grupo: Rosalía 21. Peza: Alborada.
Reharmonización e arranxo: Abe Rábade.

Deseño e impresións

Impronta Gráfica

Materiais Gráficos

Lugami Artes Gráficas